

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE XANEIRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:35 horas do día 14 de xaneiro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 10 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 4, 7, 8 e 9)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 26 de decembro de 2018**

Apróbese a acta do 26 de decembro de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda e D. Santos Héctor Rodríguez.

b) Acta do 27 de decembro de 2018

Apróbese a acta do 27 de decembro de 2018 cos votos de D. José Riesgo Boluda, D^a. Susana García Álvarez e D^a. Olga Gómez Corbal.

c) Acta do 28 de decembro de 2018

Apróbese a acta do 28 de decembro de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal".

Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- Outorgar un prazo de tres días a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (RESSA) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Segundo o apartado 5B do Anexo I -FEC- do PCAP a solvencia técnica e profesional esixida para este contrato acreditarase:

- 1) A través dos medios previstos na cláusula 8.4.3º do PCAP ("*Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos...*")
- 2) E ademais mediante a "*acreditación, segundo o establecido no artigo 94 LCSP, da entidade recoñecida co logotipo EMAS acreditativa do cumprimento das normas de xestión e auditoría medioambiental EMAS da U.E., ou outros sistemas de xestión medioambiental recoñecidos de conformidade co artigo 45 do Regulamento (CE) nº 1.221/2009, de 25 de novembro de 2009, ou outras normas de xestión medioambiental baseadas nas normas europeas ou internacionais de organismos acreditados ou certificados equivalentes expedidos por organismos establecidos en calquera Estado membro da Unión Europea; e outras probas de xestión medioambiental de medidas equivalentes que presente o licitador*".

No documento europeo único de contratación (DEUC) presentado no sobre A, RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (RESSA) declara a súa solvencia técnica mediante un contrato similar pero non declara nada respecto do certificado EMAS.

En consecuencia, se o licitador posúe o certificado esixido deberá emendar o DEUC facendo constar tal circunstancia na parte IV (ben indicando que cumpre todos os criterios de selección requiridos ou ben cumprimentando o apartado D "*¿Poderá o operador económico presentar certificados expedidos por organismos independentes que acrediten que aplica os sistemas ou normas de xestión medioambiental requiridos?*").

Se o licitador non posúe o certificado EMAS pero pode dispor desta solvencia a través de terceiros, deberá emendar o DEUC indicando tal circunstancia no apartado D da parte II. Neste caso, tamén deberá presentar o Anexo IV do PCAP "DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO" e o DEUC da empresa a cuxa solvencia recorre (cláusula 14.2A e artigo 140.1c da LCSP).

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:54	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-CC2436-CFE7DF-ZU5C3U-XY8HDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 5 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.

Durante o prazo concedido, o citado licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 9 de xaneiro de 2019 o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 10 de xaneiro de 2019 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 10 de xaneiro de 2019 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor". Acto seguido publícase no perfil de contratante.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:54	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-CC2436-CFE7DF-ZU5C3U-XY8HDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2 conceder un prazo a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (RESSA) para a emenda da documentación persoal.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento período inicial (6 meses) servizo mantemento zonas verdes e mobiliario urbano (PM1)	Incremento período inicial (6 meses) servizo mantemento instalacións eléctricas (PM2)
1	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	1.151.500,00	4 trimestres	4 trimestres
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.153.460,00	4 trimestres	4 trimestres
3	MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.	1.256.499,09	4 trimestres	4 trimestres
4	AUDECA, S.L.U.	1.079.820,00	4 trimestres	4 trimestres
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.384.600,00	4 trimestres	4 trimestres
6	ORECO, S.A.	1.281.000,00	4 trimestres	4 trimestres
7	NAROM, S.L.	1.025.920,00	4 trimestres	4 trimestres
8	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A. Y SAN EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	1.223.825,84	4 trimestres	4 trimestres
9	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. Y EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L.	1.135.819,99	4 trimestres	4 trimestres

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI **.1*2.26*, en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 00:54	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A74E-CC2436-CFE7DF-ZU5C3U-XY8HDT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2 conceder un prazo a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. (RESSA) para a emenda da documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 9 de xaneiro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	96,80
2	ORECO, S.A.	93,70
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	92,66
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	91,57

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

